



Deseño de proxectos con IA na empresa



05.02.2026



16:00 – 20:30 H



CENTRO GAIÁSTECH

Cal é o programa?

- › Como identificar procesos automatizables na empresa
 - › Mapa de procesos.
 - › Ferramentas para priorizar tarefas repetitivas e susceptibles de IA.
- › Deseño básico dun fluxo automatizado
 - › Uso de ferramentas como Zapier, Make, Power Automate.
 - › Integracións sinxelas: Outlook, Excel, CRM, ERPs....
- › Boas prácticas e riscos
 - › Ética da IA.
 - › Privacidade, seguridade e regulación de datos.
- › Dinámica de peche
 - › Exercicio práctico: detección de oportunidades en procesos reais da empresa.
 - › Identificación de posibles pilotos a implantar tras a formación.

Quen imparte?

Matías Capobianco, é un profesional apaixonado pola innovación e a transformación dixital, con foco en intelixencia artificial, blockchain e deseño de experiencias de usuario. Ao longo da súa traxectoria liderou proxectos de transformación tanto no sector público como privado, e acompañou a startups na creación de MVPs orientados á captación e o onboarding de usuarios. Cre na experimentación, a aprendizaxe continua e en asumir riscos como motor de crecemento, impulsando solucións dixitais que xeran impacto real e sostible.

Cando e onde?

05 de febreiro de 2026

De 16:00 a 20:30 H

- › **Presencial (Centro GaiásTech)**

Para quen?

Profesionais e empresas do sector forestal e da biomasa, profesionais de enxeñarías forestais e consultaría da industria, estudantes de grado ou máster relacionados co sector forestal e da biomasa, así como outros profesionais e técnicos con interese nas temáticas ofertadas.

Por que?

O obxectivo da sesión é mostrar como a Intelixencia Artificial pode mellorar a eficiencia e competitividade das empresas do sector da biomasa. Abordaranse conceptos clave e aplicacións prácticas da IA, ferramentas accesibles como Power Automate, ChatGPT ou Notion AI, e casos reais que amosan o seu impacto en procesos como a xestión loxística, o seguimento de pedidos ou a automatización de informes.

Quen organiza?

Cluster da biomasa de Galicia,

Asociación sen ánimo de lucro, constituída en febreiro de 2021, que agrupa empresas, entidades públicas e privadas, e outros actores clave do sector da biomasa en Galicia.

Inscríbete!

- *O apoio da Axencia Galega da Industria Forestal para a elaboración desta publicación non implica a aceptación dos seus contidos, que serán responsabilidade exclusiva dos seus autores.*
- *Polo tanto, a Axencia Galega da Industria Forestal non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.*

